



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Convocatoria da Escola Municipal de Música Tradicional da Baña - Curso 2023/2024

ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DA ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL PARA O CURSO 2023/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL DO CONCELLO DA BAÑA PARA O CURSO 2023/2024

Expte. TEDEC: 2023/D008/000005 (Escola de música tradicional 2023/2024).

Expte. TEDEC: 2023/G003/000547 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o Concello da Baña dispón dunha escola de música tradicional que pretende contribuír ó enriquecemento e promoción cultural da súa cidadanía así coma o desenvolvemento integral e musical dos posibles usuarios.

Visto que a escola de música tradicional é un servizo que ten a función de ofertar, achegar e promover a aprendizaxe musical tanto para a poboación do concello da Baña como tamén doutros concellos.

Visto que o servizo que ofrece a escola de música está dirixido a toda a poboación, a partir dos 7 anos, e desenvolverase durante o curso escolar. A prestación do servizo iniciará e finalizará nas datas iniciadas por resolución de Alcaldía.

Visto que se entende como persoas usuarias do servizo ás/ós responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria), ós propios menores e as persoas maiores de idade que decidan iniciar ou continuar a aprendizaxe musical.

Visto que é vontade do equipo de Goberno continuar ca prestación deste servizo en favor da cidadanía.

Visto que, en aplicación do disposto no ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos, o prezo será fixado polo órgano competente. Non obstante, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante un informe técnico dos servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo deste, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para cubrir a diferenza existente.

Visto que o obxecto, destinatarios, dereitos e obrigas, procedemento e prazo de inscrición e demais detalles e particularidades do servizo se deben concretar nas bases reguladoras, as cales constan no expediente.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento da Escola tradicional de Música 2023/2024 que se conteñen como anexo I ó presente Decreto.

Segundo: Aprobar a convocatoria das prazas e funcionamento da Escola tradicional de Música para o curso 2023/2024. As persoas interesadas poderán presentar ante o Concello da Baña, nos lugares e medios indicados nas bases, as súas solicitudes dende o día seguinte ó da publicación do presente decreto.

Terceiro: Acordar que o Concello da Baña se reserva o dereito a realizar aquelas modificacións que se consideren oportunas no ámbito das bases e convocatoria ás que se refire o presente decreto, sempre que favorezan o interese xeral e non comporte discriminación ou trato desfavorable para ninguén.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL DO CONCELLO DA BAÑA PARA O CURSO 2023-2024.

Expte. TEDEC: 2023/D008/000005.

Artigo 1. Obxecto.

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento da escola de música tradicional do concello da Baña para o curso 2023-2024.

Artigo 2. Definición do programa.

A escola de música tradicional é un servizo que ten a función de ofertar, achegar e promover a aprendizaxe musical tanto para a poboación do concello da Baña como tamén doutros concellos.

Está dirixido a toda a poboación, a partir dos 3 anos, e desenvolverase durante o curso escolar. A prestación do servizo iniciará e finalizará nas datas indicadas por resolución de Alcaldía, que en todo caso serán dende outubro de 2023 ata xuño de 2024.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias.

Enténdense como persoas usuarias do servizo ás/ós responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria), ós propios menores (a partires dos 7 anos) e as persoas maiores de idade que decidan iniciar ou continuar a aprendizaxe musical.

A alta no servizo pódese solicitar cando se inicie o curso escolar, ou con posterioridade, se hai prazas vacantes.

A baixa no servizo é libre e pódese presentar en calquera momento por escrito nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, que supervisarán a documentación para que a persoa interesada presente a documentación no rexistro de entrada ou a través da sede electrónica, segundo o establecido na convocatoria.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias.

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sexto profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizos por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son **obrigas** dos usuarios e usuarias do programa:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor ou a saída do usuario das instalacións na que se oferta a actividade.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38° rectal, 37,5° bucal, 37,2° axilar), diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.).

- Non poderán asistir os/as usuarios que teñan piollos, ata que estes queden eliminados.
- De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan ó/á seu fillo/a, se fose o caso, ou abandonen as instalacións, no caso de usuarios/as maiores de idade.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido á poboación xeral, tanto menores a partir dos sete anos de idade, como maiores de idade.

A escola de música tradicional, oferta a súa actividade nos meses do curso escolar (outubro a xuño), de acordo co establecido nas bases e convocatoria.

As especialidades ofertadas no curso 2023-2024 pola escola de música tradicional, son as seguintes:

- Gaita.
- Pandeireta.
- Percusión.
- Canto.
- Solfexo. Esta especialidade está incluída e será complementaria a calquera das especialidades anteriores.

Establécese un número mínimo de alumnos/as inscritos en cada especialidade para que esta poida ser impartida. A estes efectos, se no momento da inscrición inicial e aprobación da lista definitiva de admitidos non se reúne un número mínimo de 5 alumnos/as nunha especialidade determinada, esta non será impartida. Este réxime de número mínimo de alumnos/as por especialidade non será de aplicación á de solfexo, que será impartida independentemente do número de alumnos/as inscritos/as.

As clases desenvolveranse en horario de tarde, coincidindo co calendario escolar anual. Non se impartirán clases nas vacacións escolares e quedan excluídos tamén os días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos e estatais, nos que non se prestarán os servizos.

Os horarios das distintas especialidades serán comunicados polos mestres das mesmas ós/ás usuarios/as e ás familias, unha vez realizadas as inscricións e publicada a lista definitiva de admitidos.

As actividades a realizar serán de índole educativa e cultural, fomentarán valores transversais como a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo promovendo o completo desenvolvemento da crianza. Todo o anterior enmarcado dentro da cultura tradicional galega.

Artigo 6. Inscrición

Establecerase un prazo de inscrición de 7 días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sede electrónica do Concello da Baña e páxina web municipal. Tódalas solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda, o seu funcionamento recóllese neste artigo. Aquelas especialidades que no momento da aprobación da lista definitiva de admitidos non reúnan o número mínimo de inscritos (5 persoas), non serán obxecto de admisión de solicitudes fóra de prazo.

As solicitudes de menores de idade deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do menor e presentaranse o igual que as solicitudes dos/as outros/as usuarios/as no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, continuasen quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas escolas de música para aquelas especialidades que se impartan durante todo o curso.

Neste último caso, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboén o prezo público que corresponda.

Documentación:

Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- Anexo 1 - Ficha de inscrición
- Anexo 2 - Autorización de captación de imaxe e son.
- Anexo 3 – Autorización para usar o número de teléfono.

- Xustificante bancario do pago do prezo público.
- Copia do documento de identidade da persoa usuaria.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, elaboraranse unha lista provisional de admitidos. A tal efecto, empregaranse os criterios de valoración do artigo 8 das presentes bases. Unha vez publicada a mesma, outorgarase un prazo de 7 días naturais para a presentación de alegacións. Se non se presentase ningunha, a lista provisional de admitidos adquirirá carácter definitivo.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo no momento da solicitude da praza. Os importes dos prezos públicos son os que se determinan na seguinte táboa:

ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL - CURSO 2023/2024			
IMPORTES DOS PREZOS PÚBLICOS*	1 instrumento	2 instrumentos	3 instrumentos
1 usuario	30,00 €/curso	60,00 €/curso	90,00 €/curso

* Cada especialidade comportará o pago do prezo público correspondente tal e como figura na táboa, incrementándose en 30,00€ o importe de dito prezo público por cada especialidade a maiores.

En virtude do artigo 5 da ordenanza reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos, a obriga do pagamento do prezo público xorde desde que se inicia a prestación do servizo deportivo ou cultural enumerado no artigo anterior.

A inscrición na escola de música tradicional do Concello da Baña para o curso 2023/2024 supón a aceptación do abono previo do prezo público coa presentación da solcitude. Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pagamento do prezo público, non se preste o servizo, procederá a devolución do importe correspondente.

En casos excepcionais a Xunta de Goberno Local, tras o informe dos servizos correspondentes, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas. Ditas exencións deberán estar xustificadas con informes técnicos pertinentes e terán carácter extraordinario.

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

As solicitudes de inscricións nas diferentes especialidades serán valoradas e ordenadas, por parte do departamento de Cultura do Concello da Baña, segundo os seguintes criterios de prioridade:

- Prioridade 1: Solicitantes menores de idade, maiores de sete anos, empadroadas no Concello da Baña con carácter previo á aprobación da convocatoria para o curso 2023/2024.
- Prioridade 2: Solicitantes maiores de idade empadroadas no Concello da Baña con carácter previo á aprobación da convocatoria para o curso 2023/2024 así como fillos menores do persoal ó servizo do Concello da Baña.
- Prioridade 3: Solicitantes menores de idade, maiores de sete anos, non empadroadas no Concello da Baña con carácter previo á aprobación da convocatoria para o curso 2023/2024.
- Prioridade 4: Solicitantes maiores de idade non empadroadas no Concello da Baña con carácter previo á aprobación da convocatoria para o curso 2023/2024.
- Todas as inscricións presentadas fóra de prazo producirán a entrada do/a menor na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo, de acordo co especificado no artigo 6 das presentes bases.

As persoas solicitantes de praza deberán cumprir coas seguintes condicións para solicitar o servizo:

- A unidade familiar debe estar ó día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Artigo 9. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo da escola de música tradicional.

O departamento de cultura, responsable do programa, encargarse da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o departamento de cultura, o persoal municipal e o persoal contratado.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse e adaptarse en función do alumnado

- Incentivar no alumnado o descubrimento das súas capacidades creativas e artísticas para que poidan expresarse a través da música.
- Fomentar o coñecemento da música tradicional dende a infancia .
- Organizar actuacións públicas (concertos, audicións...).
- Adaptar a docencia musical ás distintas idades e capacidades.
- Realizar o seguimento especial a rapazada.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles así como ao Concello das incidencias que se produzan.
- Controlar as asistencias ou ausencias dos usuarios e usuarias.
- Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.
- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa desde o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude de baixa por parte do usuario ou da persoa ou persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constitúa.
- A falta de pagamento dos prezos públicos establecidas na Ordenanza reguladora do prezo público
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo as/os usuarios/as que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.

Artigo 11. Protección de datos.

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellobana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión das actividades culturais organizadas ou promocionadas polo Concello da Baña, incluída a xestión das bibliotecas municipais.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.c) RXP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXP: consentimento das persoas afectadas.
d) Categoría de persoas interesadas	Persoas e entidades participantes nas actividades culturais organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
e) Categoría de datos	- Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta
f) Destinatarios/as	Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades culturais e que terán a consideración de encargado de tratamento.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

Artigo 12. Disposición final.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO 1 – FICHA DE INSCRIPCIÓN CURSO 20 /20 .**DATOS DO/DA PARTICIPANTE 1**

Nome e apelidos:

Data de nacemento

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

DATOS DO/DA PARTICIPANTE 2

Nome e apelidos:

Data de nacemento

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

DATOS DO PAI, NAI E/OU TITOR/A

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

SOLICITO:

Participar nas seguintes especialidades da Escola Municipal de Música Tradicional da Baña durante o presente curso (marcar cunha X onde corresponda, a especialidade de solfexo non computará ós efectos do cálculo do prezo público):

- Gaita.
- Pandeireta.
- Percusión.
- Canto.
- Solfexo. Esta especialidade está incluída e será complementaria a calquera das especialidades anteriores.

AUTORIZO:

Ó Concello da Baña para que cobre a taxa correspondente, de maneira trimestral, no número de conta que figura na orde de domiciliación de recibos (Anexo II). No caso de solicitar a baixa, presentárase unha solicitude por rexistro.

AUTORIZACIÓN PARA MENORES

D./D.^a _____, con DNI _____,

en calidade de pai/nai/titor/a, AUTORIZO:

1. Ó/Á neno/a arriba indicado/a a que participe na actividade de Escola Municipal de Música Tradicional da Baña.

DOCUMENTACIÓN ANEXA Á PRESENTE SOLICITUDE:

- Anexo 2 - Autorización de captación de imaxe e son.
- Anexo 3 – Autorización para usar o número de teléfono .
- Xustificante bancario do pago do prezo público.
- Copia do documento de identidade da persoa usuaria.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.

Na Baña, a de de 20.

Asdo.: .

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
i) Finalidade do tratamento	Xestión das actividades culturais organizadas ou promocionadas polo Concello da Baña, incluída a xestión das bibliotecas municipais.
j) Lexitimación	Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPd: consentimento das persoas afectadas.
k) Categoría de persoas interesadas	Persoas e entidades participantes nas actividades culturais organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
l) Categoría de datos	-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta
m) Destinatarios/as	Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades culturais e que terán a consideración de encargado de tratamento.
n) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
o) Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
p) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

ANEXO 2 - AUTORIZACIÓN DE CAPTACIÓN DE IMAXE E SON PARA REPORTAXES DE PRENSA, RADIO, TELEVISIÓN, PÁXINA WEB, FACEBOOK DO CONCELLO

Dona/Don , con DNI ,
 participante e/ou pai, nai ou titor/a do/s menor/es ,
 na actividade que de seguido se determina: ,

En cumprimento do dereito á propia imaxe recollido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe; o Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas, mediante o tratamento dos seus datos persoais e a súa libre circulación (RXPd) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD),

AUTORIZA

ó Concello da Baña, con enderezo en Praza do Concello, 2, 15863 A Baña, A Coruña, e NIF P1500700H para que poida facer fotos e gravar imaxes e sons nas actividades que se realizan ó abeiro da convocatoria da Escola Municipal de Música Tradicional do Concello da Baña no presente curso, nas que apareza a persoa participante, ben individualmente ou estando en grupo.

As imaxes e os sons poderán difundirse a través de medios de comunicación audiovisual ou xornais ou pasar a formar parte do arquivo do Concello da Baña para utilízalas en campañas de promoción.

En todo momento serán respectados os dereitos do/a menor.

AUTORIZO.

NON AUTORIZO.

Na Baña, a de de 20. .

Asdo.: .

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellobana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión das actividades culturais organizadas ou promocionadas polo Concello da Baña, incluída a xestión das bibliotecas municipais.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaición legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPd: consentimento das persoas afectadas.
d) Categoría de persoas interesadas	Persoas e entidades participantes nas actividades culturais organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
e) Categoría de datos	-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta
f) Destinatarios/as	Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades culturais e que terán a consideración de encargado de tratamento.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

ANEXO 3 - AUTORIZACIÓN DE USO DE NÚMERO TELEFÓNICO.

Dona/Don , con DNI , participante e/ou pai, nai ou titor/a do/s menor/es , na actividade que de seguido se determina: ,
AUTORIZO ó Concello da Baña a usar o número de teléfono móbil para formar un grupo de WhatsApp.

Na Baña, a de de 20.

Asdo.:

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión das actividades culturais organizadas ou promocionadas polo Concello da Baña, incluída a xestión das bibliotecas municipais.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPd: consentimento das persoas afectadas.
d) Categoría de persoas interesadas	Persoas e entidades participantes nas actividades culturais organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.
e) Categoría de datos	- Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta
f) Destinatarios/as	Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades culturais e que terán a consideración de encargado de tratamento.
g) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
i) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

A Baña, 7 de setembro de 2023

O alcalde José Antonio Pereira Gil

2023/7276